

ORDENANZA DE PROTECCION MEDIO AMBIENTAL DO CONCELLO DE RIBADEO.

ÍNDICE

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Capítulo I.-Obxecto e Regulación Legal (Art.1 e 2).

Capítulo II.-Da Limpeza da Vía Pública.(Art.do 3 ó 11).

Capítulo III.-Limpeza de Edifícios (Art.12 e 13).

Capítulo IV.-Tenencia de cans e outros animais domésticos (Art.do 14 ó 31).

TÍTULO II.- RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS.

Capítulo I.-Normas Xerais (Art.32 e

33). Capítulo II.- (Art.34 ó 38).

Capítulo III.-Residuos Industriais (Art.do 39 ó 42).

Capítulo IV.-Residuos Especiais:

- Sec.1ª.-Terras e Escombros (Art.43 ó 45).
- Sec.2ª.-Réxime do vertedoiro de inertes (Art.46 ó 48).
- Sec.3ª.-Enseres metálicos, de madeira e outros obxectos inútiles (Art.49).
- Sec.4ª.-Animais mortos (Art.50 e 51).
- Sec.5ª.-Residuos clínicos (Art.52 e 53).
- Sec.6ª.-Outros residuos (Art. 54 ó 56).

TÍTULO III.-TRATAMENTO DE RESIDUOS. (Art.57 ó 60)

TITULO IV.-LIMPEZA E ORNATO DE TERREOS E EDIFICACIÓNS.- (Art.61)

TÍTULO V.-PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL FRONTE A ACTIVIDADES XERADORAS DE PO, FUMES, LÍQUIDOS OU OUTROS ELEMENTOS DE CONTAMINACIÓN.- (Art. 62 ó 66)

TÍTULO VI.-PUBLICIDADE.:VALADOS PUBLICITARIOS, MEGAFONÍA, BUZONEO, RECADROS PARA A PUBLICIDADE, MARQUESIÑAS, PINTADAS, GRAFFITIS E OUTROS. (Art.67 ó 71)

TÍTULO VII.- RÉXIME DISCIPLINARIO.-

Capítulo I.-Normas xerais.(Art.72 ó 74)

Capítulo II.-Procedemento sancionador e Sancións (Art.75 ó 80).

DISPOSICIÓN FINAL.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

CAPÍTULO I.-OBXECTO E REGULACIÓN LEGAL

Artigo 1.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación no termo Municipal das seguintes actuacións e actividades:

a).- Limpeza das vías e espacios públicos, prazas, praias, solares de propiedade municipal, incluíndo rego de rúas e prazas e lavado de pintadas, así como a limpeza e ornato xerais no termo municipal.

b).-A recollida de desperdicios e residuos sólidos e o seu transporte á Planta de Transferencia Comarcal de Barreiros, ás dependencias de Sogama ou ó lugar establecido polo Concello incluíndo como tales: os producidos por actividades domiciliarias, comerciais e de servizos, de limpeza urbana, industriais, obras, animais mortos, mobles, enseres, vehículos abandonados e en xeral todos aqueles cuxa recollida, transporte e almacenamento ou eliminación sexan de competencia municipal.

c).-A protección ambiental fronte a actividades xeradoras de po, fumes, líquidos ou outros elementos de contaminación, agás a acústica que é obxecto dunha regulación a través de ordenanza específica.

d) A publicidade, espacios destinados a tal fin e prohibicións específicas.

Artigo 2.

No non regulado expresamente na presente ordenanza será de aplicación o disposto na Normativa Estatal e Autonómica sobre recollida de desperdicios e residuos sólidos urbanos,lexislación sobre protección de animais domésticos, normativa de protección ambiental e demais disposicións aplicables.

CAPÍTULO II.-DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 3.

1.-A limpeza da vía pública: rúas, glorietas, prazas, zonas axardinadas e espacios públicos en xeral, así como a dos prazas, praias, e a recollida dos residuos procedentes da mesma será realizada pola Administración Municipal, ben directamente ou no seu caso, a través de xestión indirecta, coa frecuencia e a través das formas que se determine no Plano de Residuos Municipal.

2.-A limpeza das rúas e solares de Dominio Privado, deberá efectuarse polos seus propietarios.

3.-A limpeza da zona portuaria, estradas de competencia estatal, autónoma ou provincial e terreos ferroviarios, deberá ser efectuada polas súas entidades xestoras.

Artigo 4.

1.-Corresponderá ós propietarios ou no seu caso a quen habite os inmobles, manter limpos os patios de luces ou de mazá, os cerres de baixos, a limpeza de pintadas en edificios e o lucido das casas e baixos das mesmas.

3.- Queda expresamente prohibido que as persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, boten ás beirarrúas ou calzada, os restos ou desperdicios procedentes dos interiores.

Igualmente queda prohibido o baldeo coa auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores, na vía pública. Queda nembargantes autorizado o baldeo con auga limpa ou calqueira outro produto non tóxico, cando sexa preciso retirar excrementos, vómitos ou calquer outro residuo molesto fronte a locais ou vivendas.

4.-Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e rede de sumidoiros de calquera produto resultante da limpeza urbana ou de outros de calquera tipo non autorizado tales como animais mortos, restos químicos, aceites de cociña ou outros.

Artigo 5.

1.-A limpeza de solares e fincas corresponderá ós propietarios dos mesmos, sen perxuízo da obriga de proceder ó seu valado obrigatorio cando estean construídas as beirarrúas, na forma que regulamentariamente se determina na presente Ordenanza Municipal, a tal efecto establécese un período de adaptación de dous anos.

2.-Desde os solares particulares non pode sobresaír á vía pública ningunha clase de silvas, mirtas, matogueiras, ou outra clase de vexetación.

Artigo 6.

1.-Prohíbese botar á vía pública todo tipo de residuos, como colillas, pelas, papeis ou calqueira outro desperdicio similar. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e queira desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizará as papeleiras instaladas a tal fin.

2.-Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, volcalas ou arrincalas, así como calqueira outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso a que están destinadas.

3.-A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase ben pola Administración Municipal ou mediante xestión indirecta.

4.-Os danos causados ás papeleiras, que signifiquen a necesidade da súa reposición, serán sufragados polos que os ocasionasen, sen perxuízo da esixencia das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan.

5.-Os danos que se causen en árbores ou noutro mobiliario urbano ou en calquera espazo ou ben público, serán así mesmo sufragados polas persoas que os ocasionasen, sen perxuízo da esixencia das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan.

Artigo 7.

Queda prohibido realizar calqueira operación que poida ensuxar as vías e espazos libres públicos e de forma especial:

- a).-Lavar vehículos, así como cambiarlles ós mesmos o aceite e outros líquidos.
- b).-Manipular ou seleccionar os desperdicios ou residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.
- c).-Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre a mesma desde xanelas, balcóns etc.

d).-Ter roupa tendida á vía pública, sen perxuízo da prohibición xenérica de instalar tendais nas fachadas dos inmobles que dean á vía pública. Aquelas vivendas que pola súa antigüidade ou características non dispoñan de lugares interiores, poderán facer uso da fachada desde as 22:00 ata as 8:00 h. Sempre que non causen molestias ós viandantes por altura ou goteo.

Artigo 8.

1.-Quen estea ó fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública ou que desenvolva calquera outra ocupación da mesma, ben sexa de xeito illado ou en mercadiños, está obrigado a manter limpo o espacio no que desenvolva o seu cometido e as súas proximidades durante o horario en que realice a súa actividade e a deixalo no mesmo estado unha vez finalizada esta.O incumprimento deste artigo poderá dar lugar á revocación da correspondente licencia, previa comunicación ó interesado.

2.-A mesma obriga incumbe ós donos de cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espacio libre público que se ocupe con veladores, cadeiras, etc., así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras..., no momento do peche do establecemento. Os donos ou responsables de locais públicos tales como Pubs, Bares, Discotecas, Restaurantes ou análogos no momento de peche do establecemento deberán retirar da vía pública situada nas inmediacións do mesmo calquera residuo derivado da actividade desempeñada incluíndo cristais, calquera tipo de envase, etc.

En caso de reiteración ademais das sancións, procederase á retirada da licencia.

Artigo 9.

1.-Acabada a carga e descarga de calquera vehículo con observancia das normas que para tales actividades establece a normativa de Circulación, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que fosen ensuxadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.

2.-Están obrigados ó cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecemento ou fincas en que fose executada a carga ou descarga, sempre que non faciliten a identificación do transportista.

Artigo 10.

1.-Os propietarios e conductores de vehículos que transporten terras, cascallos, materiais poeirentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar, terán que tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, a causa da súa natureza por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caia sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

2.-Nos vehículos que se utilicen en zona de obras, antes de saír á vía pública, deberá procederse, a ser posible, ó lavado dos baixos e rodas. En todo caso, manterase a vía pública limpa retirando da mesma calquera residuo derivado da actividade e deberá garantirse que en ningún tramo do recorrido queden restos de materiais.

Artigo 11.

Nas obras nas que se produzan cantidades de cascallos superiores a 1 m³, haberán de utilizarse para o seu almacenamento na vía pública, contedores adecuados, para os que se contará coa preceptiva autorización municipal, para seren trasladados ó vertedoiro de inertes.

CAPÍTULO III.-LIMPEZA DE EDIFICIOS.

Artigo 12.

1.-Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeúntes nin ensuxar a vía pública, e se, non obstante, esta fora ensuxada, os donos do establecemento están obrigados á súa limpeza, retirando os residuos resultantes.

2.-Iguais precaucións haberán de adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así como o rego das plantas instaladas nos mesmos.

Artigo 13.

1.- Os propietarios dos edificios están obrigados a manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visíbeis desde a vía pública, debendo proceder ó seu pintado, remoción ou lavado, mantendo as condicións de ornato da edificación nos termos establecidos na lexislación urbanística.

2.-Os propietarios dos baixos, deberán pechalos debidamente, con tixolo ou bloque, procedendo ó seu pintado ou caleado.

CAPÍTULO IV.- POSESIÓN DE CANS E OUTROS ANIMAIS DOMÉSTICOS.

Artigo 14.

A normativa contida no presente capítulo ten por obxecto regular todos os xeitos relativos á posesión de cans e outros animais domésticos no termo municipal de Ribadeo, que afecte á tranquilidade, seguranza e salubridade cidadáns, isto sen prexuízo do establecido na lexislación autonómica sobre animais domésticos e salvaxes en cautividade, Lei 1/1993, do 13 de abril e Decreto 153/1998 do 2 de abril.

Artigo 15.

A competencia do Concello nas materias que son obxecto de regulación por este capítulo exerceranse a través dos órganos e servizos da Administración municipal existentes na actualidade ou que no seu caso poidan crearse ó efecto.

Artigo 16.

Sen perxuízo das facultades atribuídas pola normativa de carácter xeral a outras Administracións públicas, as infraccións no disposto no presente capítulo serán sancionadas pola Alcaldía, segundo o Título VIII (réxime disciplinario) da presente Ordenanza.

Artigo 17.

Os propietarios ou posuidores de cans estarán obrigados ó cumprimento do disposto no presente Regulamento, sendo responsábeis subsidiarios os titulares das vivendas, establecementos ou locais onde radiquen os mesmos.

Artigo 18.

1.-Nas vías públicas todos os cans terán que ir provistos de bozo, salvo aqueles casos que pola súa natureza e características sexa razoabelmente previsible a súa non perigosidade, en aras dunha maior seguranza das persoas. Irán ademais conducidos por persoa capaz e idónea, suxeitos con cadea, correa ou cordón resistente e co correspondente colar, onde porten a medalla do control sanitario e a chapa identificativa.

2.-A Alcaldía poderá ordenar con carácter xeral o uso do bozo, cando as circunstancias sanitarias así o aconsellen.

Artigo 19.

1.-Como medida hixiénica ineludible, as persoas que conduzan cans procurarán impedir que estes depositen as súas deposicións nas vías públicas, xardíns, paseos, e en xeral, en calquera lugar destinado ó tránsito de viandantes en lugares públicos. O Concello poderá fixar zonas donde levar a cabo as mesmas.

2.-No caso de que as dexeccións queden depositadas en calquera lugar público, dentro do casco urbano e fora dos lugares habilitados a tal fin, a persoa que conduza o animal estará obrigada á súa limpeza e a tal efecto deberán levar obrigatoriamente unhas bolsas e/ou os accesorios necesarios para a recollida e limpeza das dexeccións, que debidamente empacetas serán depositadas en papeleiras ou contenedores.

3.-Do incumprimento serán responsables as persoas que conduzan os animais e subsidiariamente os propietarios dos mesmos.

Artigo 20.

Prohíbese expresamente a entrada e permanencia de cans en toda clase de locais e de vehículos destinadas á fábrica, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos, centros de saúde, farmacias e centros públicos

Artigo 21. (Modificado B.O.P. de Lugo Núm. 145 – Sábado, 25 de xuño de 2016)

1.-Queda expresamente prohibido a entrada de cans en locais ou recintos de espectáculos públicos, deportivos e culturais.

2.-Igualmente queda prohibida a circulación ou permanencia de cans nas praias de utilización xeral e naquelas outras nas que adoite bañarse o público en épocas de Semana Santa e temporada de verán (de 15 de maio a 15 de setembro), na piscina municipal, nos parques infantís, nos parques públicos e zonas de espaxemento en xeral.

Respecto á utilización na Praia de As Catedrais estarase ao que se dispoña no Plan Especial de Protección da praia de As Catedrais.

3.-Queda permitida a creación de espazos exclusivos de espaxemento, lecer e baño dos cans, nos lugares que polas súas condicións e características o concello autorice a tal efecto, precisando para elo entre outros requisitos que garantan o cumprimento das normativas e protocolos hixiénicos-sanitarias vixentes, e que pola súa ubicación non sexan unha molestia ou perigo para os cidadáns do concello.

4.-Nos espazos habilitados polo concello como zonas exclusivas de espaxemento, lecer ou baño de cans sinalizaranse axeitadamente ademais de informar sobre as normas de funcionamento que rexirán nos mesmos para garantir a seguridade e hixiene dos usuarios.

5.- Non se poderá alimentar aos animais na vía pública.

Artigo 22.

Os cans que garden solares, obras, locais, establecementos, etc, deberán estar baixo a vixilancia dos seus amos ou persoas responsables, a fin de que non poidan causar danos a persoas ou cosas, nin perturbar a tranquilidade cidadá, en especial en horas nocturnas. En todo caso deberá advertirse en lugar visible e de forma adecuada a existencia dos cans.

Artigo 23.

Os cans que sirvan de guía ós deficientes visuais, rexeranse polo disposto na súa normativa específica.

Artigo 24.

Os cans vagabundos e os que circulen dentro do casco urbano ou polo término municipal desprovistos de colar coa chapa identificativa, serán recollidos polos servizos municipais, Protectora de animais ou empresa concesionaria do servizo e conducidos ó depósito establecido ó efecto, onde permanecerán vinte días a disposición dos seus amos, que no seu caso deberán acreditar a súa propiedade e aboar a sanción e gastos que procedan. Se o animal está identificado avisarase ó propietario quen dispoñerá de dez días para recuperalo, unha vez aboados os gastos orixinados, unha vez transcorrido este prazo se o propietario non satisfixese o aboamento dos gastos, o centro de recollida procederá de acordo co disposto no artigo seguinte.

Artigo 25.

1.-Os cans capturados na vía pública e que non fosen reclamados polos seus amos nos prazos fixados no artigo precedente, ou se estes non aboasen as cantidades que fosen esixibles por alimentación, vacinación, chapa identificativa e outros conceptos, quedarán durante outros tres días a disposición de quen os solicite e se comprometa a regularizar a situación sanitaria e fiscal do animal. Neste caso as persoas que adopten un can librándoo do sacrificio, non deberán aboar ningunha cantidade por gasto de manutención ou multas pendentes, sempre que se acredite que non se trata dos seus anteriores titulares.

2.-De non concorrer as anteriores circunstancias, os cans poderán ser cedidos ao Protectora de animais ou a centros e institucións de carácter científico que o soliciten para os seus traballos de investigación, coa autorización dos servizos municipais e previo informe do veterinario no que se garanta que non sufrirán malos tratos nin danos que poidan evitarse ou paliarse.

Artigo 26.

As persoas que fosen trabadas por un can deberán inmediatamente dar conta do feito ás autoridades sanitarias a fin de que poida ser sometido ó tratamento se así o aconsellase o resultado da observación animal.

Os propietarios ou posuidores dos cans mordedores están obrigados a facilitar os datos correspondentes do animal agresor, tanto á persoa agredida ou aos seus representantes legais, como ás autoridades competentes que o soliciten.

Artigo 27.

1.-Os cans que causaren lesións a unha persoa deberán acreditar o estado do animal, mediante a cartilla de vacinación e os permisos correspondentes ante a autoridade

có requira, en caso contrario deberán ser sometidos a control veterinario oficial.

2.-A petición do propietario, e previo informe favorable do servizo veterinario, a observación do can poderá realizarse na morada do dono, sempre que o animal estea debidamente documentado e controlado sanitariamente. En todo caso, os gastos ocasionados serán por conta do propietario do animal.

3.-Nos casos de declaración de epizootias, os donos dos cans cumprirán coas disposicións preventivas sanitarias que se dicten polas autoridades competentes así como coas prescricións que ordene a Alcaldía.

4.-Anualmente, cando segundo a normativa reguladora da sanidade animal resulte obrigatorio, deberán ser vacunados os cans na datas fixadas ó efecto, facendo constar o cumprimento desta obriga na tarxeta de control sanitario. Os cans non vacunados deberán ser recollidos polos servizos municipais e os seus amos sancionados.

Artigo 28.

A autoridade municipal disporá, previo informe do servizo veterinario, o sacrificio sen ningunha indemnización dos cans que fosen diagnosticados de rabia.

As persoas que ocultasen casos de rabia en animais, ou deixasen ó animal que a padeza en liberdade serán denunciados ante as autoridades administrativas ou xudiciais correspondentes.

Artigo 29.

Prohíbese terminantemente deixar soltos en espazos exteriores toda clase de animais daniños ou feroces.

Artigo 30.

A estancia de animais domésticos en vivendas urbanas estará condicionada á utilidade ou nocividade/peligosidade dos mesmos, en relación coas persoas, as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento e a posible existencia de perigos ou incomodidades para os veciños en xeral.

Artigo 31.

A Autoridade municipal decidirá o que proceda en cada caso, segundo o informe que emitan os inspectores do servizo veterinario como consecuencia das visitas domiciliarias que lles haberán de ser facilitadas polos ocupantes da vivenda.

Cando se decida que non é tolerable a estancia nunha vivenda ou local, os donos destes deberán proceder ó seu desaloxo, e de non facelo voluntariamente despois de ser requeridos para iso, farano os servizos municipais a cargo daqueles, sen perxuízo da existencia de responsabilidade que procedese por desobediencia á Autoridade.

TÍTULO II.- RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS.

CAPÍTULO I.-NORMAS XERAIS.

Artigo 32.

A recollida de residuos sólidos será establecida polo Concello, cos itinerarios, frecuencia e horario que se fixan no Plano Municipal de Residuos, e emprestarase, ben directamente pola Administración Municipal ou a través de xestión indirecta.

Artigo 33.

1.-Da recepción dos residuos sólidos urbanos, farase cargo o persoal do Servizo Municipal ou no seu caso o da Empresa Concesionaria ou a Entidade de xestión que corresponda en cada momento, segundo se decida polo Concello.

2.-O Concello adquirirá a propiedade dos residuos dende o momento en que se depositen nos contenedores ou lugares establecidos ó efecto e os posuidores quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poiderá causar tales residuos, sempre que na súa entrega se observarán as condicións desta ordenanza e demais normativa aplicable.

3.-Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos, e industriais asimilables, nin non asimilables, (sexan papel, cartón, madeira, vidros, plásticos, metais, pilas e baterías) calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal. En todo caso será unha empresa autorizada pola Consellería de Medio Ambiente como xestor autorizado de residuos.

4.-A recollida ou retirada de residuos sólidos por particulares sen autorización municipal poderá ser obxecto de sanción, así como o seu depósito ou tenencia.

CAPÍTULO II.

Artigo 34.

1.-Enténdese por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así como os producidos en establecementos comerciais que pola súa natureza e volume son asimilables ós anteriores.

2.-O Concello poderá dispoñer que en toda a Vila ou en sectores ou zonas determinadas se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles de distintos aproveitamentos, tales como, papel, cartón, vidros, latas, pilas, etc.

3.-Será obriga do Servizo Municipal de recollida ou Empresa Concesionaria, o baleirado dos contedores propios do Servizo de Limpeza que se utilicen para depositar as varreduras e desperdicios procedentes de papeleiras.

4.- Prohíbese a utilización por parte dos particulares con exclusividade para outros fins distintos dos propios, dos contedores do Servizo de Limpeza.

Artigo 35.

1.-O depósito dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente do seguinte modo:

Contedor amarelo: Envases e residuos de envases plásticos, latas e briks.

Contedor azul: Só papel e cartón.

Contedor de pilas: Pilas (están situados en todas as tendas de venda de pilas e nos edificios públicos; que será obrigatorio ter a disposición do público). Serán facilitados polo Concello gratuitamente previa solicitude.

Iglú verde: Só envases de vidro.

Punto limpo:

e.1.-Contedor específico: Fluorescentes

e.2.-Contedor específico: Vernices, pinturas e residuos de pinturas.

e.3.-Contedor de aceites pesados: Aceites pesados (Coche, tractor, vehículos en xeral. e.4.-Contedor de aceites domésticos: aceites domésticos.

e.5.-Contedor de baterías: Baterías.

e.6.-Contenedor pneumáticos: pneumáticos.

e.7.-Enseres metálicos (neveiras, lavadoras, cociñas, electrodomésticos en xeral, somieres, ...).Ademais de poder depositarse no Punto Limpo, o Concello recollerá este tipo de enseres os primeiros martes de mes, previa solicitude nas oficinas municipais.

e.8.-Enseres de madeira e outros enseres (sofás, camas, armarios, colchóns, ...): Ademais de poder depositarse no Punto Limpo, o Concello recollerá este tipo de enseres os últimos martes de mes, previa solicitude nas oficinas municipais.

Contedor verde: Materia orgánica e residuos que non se poidan depositar en ningún dos contedores ou lugares sinalados anteriormente (residuos non susceptibles de ser reciclados).

2.-Os comerciantes que polo volume de lixo precisen un maior número de contedores dos subministrados, deberán adquirilos pola súa conta, se ben deberán ser homologados polo Concello.

3.-Os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservarlos en adecuadas condicións de hixiene.Non podendo ser lavados na vía pública.

4.-As operacións de lavado e limpeza que no seu caso esixan os recipientes normalizados, serán efectuados periodicamente polo Concello ou empresa Concesionaria do Servizo, salvo nos casos dos contedores individuais que deberán ser lavados e mantidos en bon estado polos usuarios dos mesmos.

5.-Os titulares de establecementos que manexen ou utilicen produtos perecedoiros deberán depositar os residuos en contedores individuais, non podendo usar os comunitarios, e depositando sempre os residuos en bolsas herméticas , evitando a súa dispersión e tamén a xeración de malos olores.

6.-As caixas de cartón de grandes dimensións, deben ser esnaquizadas, e empacuetadas correctamente nos contedores específicos ou ocupando o menor espacio posible se estes estivesen cheos. Nas rúas peatonais o cartón depositarase deste modo e perfectamente envalado.

7.-Todos aqueles establecementos que sexan grandes produtores de residuos deberán manter os contedores no interior das súas dependencias ata as 20,00 horas, excepto os meses de xuño a setembro que non poderán depositarse antes das 22,00 horas.

Artigo 36.

1.-Nas zonas en que existan recipientes normalizados, os viciños depositarán neles os residuos e o persoal do vehículo colector baleirá o contido dos recipientes no camiión e depositaraos baleiros onde se encontraban.

2.- Nun e outro suposto, o lixo e desperdicios, depositaranse en bolsas pechadas e non poderán ser deixadas nos contedores ou vía pública, antes das 20,00 horas, excepto os meses de xuño a setembro, que non poderán depositarse antes das 22,00 horas.

3.- Prohíbese depositar o lixo nas datas que o Concello indique como inhábiles do Servizo, o que se comunicará coa anticipación precisa.

Artigo 37.

1.-Os contedores serán situados na vía pública, naqueles lugares que se determinen pola Administración Municipal. Non poderán moverse do seu lugar de orixe salvo causa de forza maior. Unha vez baleirados os recipientes non desbotables, procederase ó seu retirado, en caso de supermercados ou establecementos que teñan contedores grandes.

2.- Nos supostos de que os establecementos comerciais xeren un elevado número de residuos urbanos asimilables, o Concello poderá esixir a instalación de un sistema de compactación previo dos residuos, que se depositarán nos recipientes normalizados.

Artigo 38.

1.-Nos centros públicos ou privados, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, etc., a recollida se efectuará polo Servizo Municipal ou Empresa concesionaria.

2.-Se unha Entidade Pública ou privada tivese por calquera causa que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúe a produción diaria normal e non de forma frecuente, non deberá presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Neste caso, a Entidade poderá dispoñer o seu transporte ao Vertedoiro Municipal, ou ó lugar establecido polo Concello previo pago das taxas correspondentes ou ben solicitar do Servizo de Recollida ou Empresa concesionaria, a súa retirada, aboando os custes correspondentes.

3.-Os grandes xeradores de residuos urbanos estarán obrigados a dispor de un lugar específico dentro do seu establecemento para a custodia destes contedores.

CAPÍTULO III.-RESIDUOS INDUSTRIAIS.

Artigo 39.

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables ós residuos urbanos e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente.

Artigo 40.

Os produtores e posuidores de residuos industriais especiais, estarán obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, aproveitamento dos mesmos, se realice sen risco para as persoas.

Artigo 41.

1.-Para desfacerse dos residuos industriais trasladaranse ó punto limpo por separado, para ser clasificados e enviados ó reciclador correspondente, ademais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose, á vista da natureza e características dos mesmos, o lugar para a súa eliminación ou aproveitamento.

2.-Os produtores de residuos que poidan resultar tóxicos ou perigosos, deberán previamente á súa recollida por xestor autorizado, realizar un tratamento para eliminar ou reducir as súas características, así como adoptar as medidas para asegurar o seu traslado.

3.-Nestes casos a empresa ou o produtor destes residuos estará obrigado a cumprir a normativa vixente.

Artigo 42.

1.-En ningún caso se permitirá o vertido de residuos industriais que pola súa natureza sexan causantes de malos olores, etc., en zonas próximas a vivendas e en lugares non preparados para iso, nin na rede de sumidoiros municipal.

2.- Non pode realizarse no término Municipal a eliminación de residuos mediante a súa incineración.

CAPÍTULO IV.-RESIDUOS ESPECIAIS.

Sección 1ª.-Terras e Escombros.

Artigo 43.

1.-O vertido destes materiais farase necesariamente no vertedoiro de inertes, sen perxuízo do disposto no punto 4 deste Artigo.

2.-Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados os cascallos procedentes de calquera clase de obras.

3.-O pequeno cascallo que resulte asimilable no sistema de eliminación e tratamento de lixos adoptado polo municipio poderá ser depositado no Punto Limpo.

4.-Poderá autorizarse excepcionalmente o vertido de cascallo non asimilable nos terreos que propoña o solicitante sempre que se trate de material inerte e conte co informe favorable dos Técnicos Municipais.

5.-No suposto anterior de utilización do cascallo ou terras para recheos ou utilización en terreos particulares, deberá solicitarse previamente a preceptiva licenza municipal, acompañando no seu caso memoria sobre impacto medio-ambiental.

Poderá autorizarse así mesmo con carácter provisional o depósito de cascallos mentres se realice unha obra determinada.

6.-Queda prohibido acumular produtos nocivos preceidoiros en solares ou terreos.

Artigo 44.

1.-Prohíbese depositar na vía pública toda clase de cascallos ou desperdicios procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.

2.-Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites do valo protector das obras, material de construción: area, tixolos, cemento, etc., así como a súa manipulación.

Artigo 45.

1.-Os residuos e materiais do artigo anterior só poderán almacenarse na vía pública utilizando para iso contedores adecuados cuxa instalación haberá de cumprir os requisitos e condicións que se sinalan na Ordenanza Municipal correspondinte ou sexan autorizados polo Concello.

2.-A colocación de contedores requere autorización municipal, previo pago das taxas correspondentes.

3.-Os contedores deben estar dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservar o ornato urbano e evitar que outras persoas boten neles lixos domiciliarios ou trastos inútiles.

4.-Cando os contedores se atopen cheos de cascallos procederase, en prazo non superior a vinte e catro horas, á súa retirada e substitución por outros baleiros. A estes efectos os materiais depositados non poderán exceder en ningún caso o plano delimitado polas arestas superiores do contedor, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentar a capacidade do recipiente.

En caso de incumprimento, o Concello poderá retirar o contedor, que unha vez baleiro quedará en depósito, previo pago dos gastos a que ascenda a retirada, transporte e vertido.

5.-Os contedores deberán ser retirados, a ser posible, os sábados antes das 20 horas e non poderán voltar a ser instalados antes das 8 horas do luns. Caso de que houberse días festivos na semana, tamén deberán ser retirados os contedores.

Sección 2ª.-Réxime do vertedoiro de inertes.

Artigo 46.

O vertedoiro de inertes é unha instalación de titularidade municipal que ten por obxecto o verquido controlado de residuos non perigosos procedentes de demolicións ou escombros de obras.

Artigo 47.

1.- O produtor dos residuos, de xeito previo ó inicio dos verquidos, presentará un documento de solicitude de admisión no que se reflexarán os datos do produtor e mailas características do residuo (proceso produtor, caracterización físico-química, cantidade estimada, periodicidade de envío e calquera outro que se estime oportuno).

2.- Unha vez aceptado o verquido polo Concello, ou empresa adxudicataria da xestión indirecta, o proceso será o seguinte:

- a) Corresponde ó produtor dos residuos o seu transporte ata o vertedoiro.
- b) O xestor das instalacións, de xeito previo ó verquido, comprobará que os residuos se corresponden cos previamente autorizados.
- c) Pesaxe do camión en carga.
- d) Descarga do camión baixo as indicacións do responsable das instalacións.
- e) Pesaxe do camión valeiro.
- f) Liquidación do canon de verquido.
- g) Reflexo documental de todo o proceso, con entrega de xustificante ó produtor.

Artigo 48.

O Concello de Ribadeo establecerá e regulará a través da correspondente ordenanza fiscal a taxa por utilización do vertedoiro de inertes.

Sección 3ª.-Enseres metálicos, enseres de madeira e outros obxectos inútiles.

Artigo 49.

1.- Queda prohibido depositar nos espazos públicos, mobles, enseres e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camións colectores da recollida domiciliaria.

2.-Queda prohibido depositar na vía pública obxectos para reserva de espacio.

3.-Queda prohibido o abandono de vehículos nas vías públicas. Nestes casos o Concello procederá conforme ó disposto no artigo 71 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial

4.-Queda prohibido ter como expositores na vía pública vehículos ou calquera outro artiluxio, así mesmo utilizar a vía pública como exposición de alimentos ou materiais, agás postos do mercado autorizados. Estes artigos poderán ser requisados por persoal municipal e sempre se cobrarán as taxas correspondentes.

5.-As persoas que desexen desprenderse de tales elementos utilizando os servizos municipais, solicitarano nas oficinas xerais, cubrindo o correspondente impreso con antelación suficiente.

5.1.-Establecéndose o primeiro martes de mes, ou o inmediato día hábil posterior se este fose festivo, para os enseres metálicos (neveiras, lavadoras, cociñas, electrodomésticos en xeral, somieres, ...).

5.2.-Establecéndose os últimos martes de mes, ou o inmediato día hábil posterior se este fose festivo, para os enseres de madeira e outros enseres (sofás, camas, armarios, colchóns, ...).

5.3.-En calquera caso se fose urxente desprenderse dalgún destes enseres, os propios posuidores poderán trasladalos e entregalos pola súa conta no Punto Limpo.

Sección 4ª.-Animais mortos.

Artigo 50.

As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos, enterraranaos en lugar apropiado ou, debendo indicar ós operarios municipais, a causa da morte, co fin de que se adopten as medidas sanitarias pertinentes na súa eliminación; antes de enterralos, deberán obter o permiso Municipal ou sanitario correspondente. Si coincide día inhábil comunicado á autoridade competente, poderá solicita-lo permiso o seguinte día hábil.

Artigo 51.

A retirada de animais mortos na vía pública, será competencia do Servizo Municipal de Limpeza, ou Empresa Concesionaria do Servizo e do propietario se é coñecido.

Sección 5ª.-Residuos clínicos.

Artigo 52.

A efectos desta Ordenanza, consideraranse residuos clínicos:

1.-Os procedentes de vendaxes, gasas, algodón, xeringuiñas, restos de medicamentos ou os seus envases, tubos de ensaio etc.

2.-Os asimilables ou residuos domiciliarios, tales como restos de comida, lixos procedentes da limpeza e embalaxes, de Residencias e Centros Sanitarios.

3.-En xeral todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

Artigo 53.

1.-Os residuos procedentes de centros sanitarios, han de estar debidamente envasados e pechados, utilizando para iso recipientes normalizados.

2.-En ningún caso se permitirá o depósito ou vertido de materiais radioactivos, nin de restos patolóxicos.

3.-Non se autorizará o vertido no termo municipal debendo facelo nos autorizados pola Comunidade Autónoma.

Sección 6ª.-Outros residuos.

Artigo 54.

Inclúense neste epígrafe calquera outros residuos non sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte e tratamento selectivo por razón das condicións anormais en que os mesmos puidesen atoparse .

Artigo 55.

Os donos dos establecementos comerciais que teñan que desprenderse de alimentos deteriorados, conservas caducadas, previa obtención da licenza correspondente, deberán trasladalos ó Punto Limpo, onde proporcionarán tanta información sexa precisa para lograr unha correcta eliminación, así como no Concello.

Artigo 56.

Non se permitirá o vertido incontrolado en todo o Municipio, en particular de produtos químicos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexan propios de Vertedoiros industriais ou especiais, nin en contedores nin en redes de sumidoiros.

TITULO III.- TRATAMENTO DE RESIDUOS.

Artigo 57.

1.- Son de exclusiva competencia Municipal, o Vertedoiro de Inertes e o Punto Limpo e plantas de eliminación de lixos e residuos urbanos.

2.-A xestión do Servizo poderá facerse mediante xestión directa, ou indirecta. Polo Concello de Ribadeo poderanse establecer ademais dos vertedoiros estacións de transferencia ou planta de eliminación mediante convenios ou outros acordos con S.O.G.A.M.A., a Xunta de Galicia ou outras Entidades Locais, para vertedoiros destinados ao vertido de residuos especiais e escombros.

Artigo 58.

As instalacións industriais para a eliminación e aproveitamento dos residuos, nas súas formas de compostaxe , reciclado, incineración, pirólise e pirofusión, etc; estarán ao que dispoñan as leis vixentes na materia.

Artigo 59.

1.- Queda prohibido no ámbito do termo municipal, o depósito e vertido de lixos e residuos en zonas distintas ás instalacións municipais dedicadas a tal fin.

2.-Todo vertedoiro clandestino será clausurado inmediatamente sen perxuízo das sancións a que houbese lugar.

3.-Cando a Administración ordene a limpeza e/ou peche dun solar ó seu propietario e o mesmo non o fixese, no prazo que se lle outorga, a administración procederá a realizar a obra de forma subsidiaria con gastos a costa do obrigado, independentemente da sanción que lle fose imposta por desobediencia á Alcaldía.

Artigo 60.-

1.-O Concello a través dos servizos técnicos e dos axentes da policía municipal ou outro persoal municipal denunciarán cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente Ordenanza.

2.-Igualmente poderá calquera persoa natural ou xurídica denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza.

TÍTULO IV.-LIMPEZA E ORNATO DE TERREOS E EDIFICACIÓNS.-

Artigo 61.-

Obrigas de propietarios de terreos e edificacións.-

1º.-De conformidade coa previsión contida no artigo 170 da Lei do Solo de Galicia, os propietarios de terreos ou edificacións deberán mantelos en condicións de seguranza, salubridade e ornato público, e con suxección ás normas sobre protección do medio ambiente, iso inclúe que os solares que lindan coa vía pública deberán estar valados con pechamentos permanentes situados na aliñación oficial e mantidos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguranza e ornato.

2º.-A hixiene, seguranza e ornato inclúe a esixencia de desratización e desinfección dos solares.

3º.-A altura dos valos será de ata dous metros (1.5 en macizo e 0.5 calado), e construíranse con materiais que garantan o seu ornato e seguranza respectando a normativa da planificación urbanística vixente.

4º.-Se por motivo de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello poderá acceder ós solares de propiedade privada.

5º.-Os propietarios ou responsables de inmobles con fachadas á vía pública deberán evitar expoñer en ventás, balcóns, terrazas ou lugares similares, roupa tendida e calquera clase de obxectos contrarios á estética da vía pública.

6º.-O colocación de valos publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos requererá en todo caso autorización, e non se permitirá a colocación de elementos publicitarios en:

Espacios libres públicos e elementos de mobiliario urbano.

Postes de alumado, semáforos e sinais de tráfico.

Muros, valas e cercas, a excepción de lugares habilitados a tal fin.

De modo provisional e en ocasións excepcionais como feiras, festas, exposicións ou congresos, o Concello poderá autorizar anuncios non comerciais limitados ó tempo que dure o acontecemento, que de inmediato deberán retirarse unha vez que acabe o mesmo.

TÍTULO V.-PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL FRONTE A ACTIVIDADES XERADORAS DE PO, FUMES, LÍQUIDOS OU OUTROS ELEMENTOS DE CONTAMINACIÓN.-

Artigo 62.

O Presente Título ten por obxecto a regulación de cantas actividades, situacións e instalacións sexan susceptibles de producir emisións de gases ou de partículas sólidas ou líquidas no Termo Municipal para evitar a contaminación atmosférica, acuífera ou marítima e o risco que provoque á saúde humana, os recursos naturais e o medio ambiente.

Artigo 63.

Ós efectos desta Ordenanza considérase contaminación a presenza no aire ou augas de materias que impliquen risco, dano ou molestias graves para as persoas ou bens de calquera natureza .

Entendese por límites de inmisión as presencias na atmosfera ou nos acuíferos ou no mar de elementos contaminantes que isoladamente ou asociados con outros superen as concentracións máximas tolerables, sendo estas as establecidas pola lexislación estatal, autonómica ou da Unión Europea aplicable á actividade de que se trate.

Os establecementos e instalacións susceptibles de producir contaminación haberán de cumprir na súa integridade as medidas correctoras impostas para a concesión da licenza de apertura, e mantelas en adecuado estado de funcionamento. Así mesmo se a pesar diso producen contaminación, deberán presentar ante esta Entidade Local un proxecto de ampliación de actividade, tramitado conforme ó disposto no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas onde aparezan corrixidas no estudio suscrito por técnico competente o cumprimento do disposto na normativa reguladora de aplicación.

No referido estudio ou proxecto xunto ó de ampliación no seu caso deberá figurar o de depuración de emisións xa existentes, adoptando aqueles medios anticontaminantes necesarios e as medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras para reducir ditos niveles a límites regulamentarios.

Cando os niveis de emisión de contaminación superen os indicados na normativa vixente, previo requirimento municipal o produtor dos mesmos deberá presentar no prazo de dous meses o referido proxecto técnico, podendo en caso de incumprimento e de existir risco ambiental decretarse pola Entidade Local a suspensión temporal da licenza de apertura de que dispoña.

Artigo 64.

Os técnicos municipais así como o persoal que sexa oficialmente designado para realizar a inspección e verificación das instalacións, empresas ou establecementos sempre que teñan a condición de funcionarios municipais gozarán no exercicio das súas funcións da consideración de "Axentes da Autoridade".

Artigo 65.

O Concello poderá esixir ás empresas potencialmente contaminadoras a medición dos contaminantes vertidos polo menos unha vez ó ano, podendo aumentar a súa frecuencia se os servizos técnicos municipais o consideran xustificado. Tal medición será supervisada polos servizos técnicos municipais, deberá ser realizada por empresa ou laboratorio homologado e deberá ser remitido ao Concello.

En caso de incumprimento do anteriormente disposto as medicións serán realizadas polo Concello ou por unha entidade colaboradora da Administración, debendo aboar as empresas incumpridoras os gastos orixinados con independencia da posible sanción administrativa.

Artigo 66.

As actividades potencialmente contaminantes serán inspeccionadas polo Concello de oficio ou a instancia de parte cando se presuma que a contaminación poida ser excesiva ou o requira a planificación establecida polos servizos municipais.

A inspección municipal comprenderá as comprobacións seguintes:

1.-De que continúan cumpríndose as condicións e medidas correctoras establecidas no outorgamento das licencias ou autorizacións correspondentes.,

2.-Comprobación de que se respectan os niveis de emisión legalmente vixentes en cada momento.

As actuacións inspectoras así como as proba, ensaios ou comprobacións poderán ser realizadas tanto polos propios servizos municipais como mediante a asistencia técnica procedente.

TÍTULO VI.- PUBLICIDADE: VALADOS PUBLICITARIOS, MEGAFONÍA, BUZONEO, RECADROS PARA A PUBLICIDADE, MARQUESIÑAS, PINTADAS, GRAFFITIS E OUTROS.

Artigo 67.

1.- Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuxando os espazos públicos e a pegada de publicidade en lugares non autorizados.

2.-Terán a consideración de acto independente a efecto de sanción cada actuación separada no tempo ou no espacio, contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade, e, no seu defecto e salvo proba en contrario, aquelas en cuxo favor se faga a mesma.

3.-Os folletos publicitarios depositaranse nos buzóns ou lugares designados por cada comunidade, nunca por debaixo das portas ou de forma que se poidan espaxear pola vía pública.

4.-En calquera caso, queda prohibido repartir publicidade pola vía pública e en particular poñela nos limpaparabrisas ou calquera outro elemento dos vehículos estacionados na vía pública.

5.-Sen perxuízo das sancións a que houbese lugar tipificadas nesta Ordenanza, correrán cos gastos de limpeza ocasionados por tal actitude as empresas ou persoas físicas anunciadas, salvo denuncia expresa, ou os autores da súa colocación se se logra a súa identificación.

6.-Queda prohibido aparcar carriños ou vehículos similares con valos publicitarios en terreos públicos ou privados, salvo os expresamente autorizados coa correspondente licenza municipal. En todo caso non se permitirá o seu estacionamento na vía pública, no mesmo lugar, por un período superior a 24 horas.

Artigo 68.

1.-Ó obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e a estética da Vila, queda prohibido:

a).-Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farolas, verxas, valas, papeleiras, contedores, marquesiñas de parada de autobús, mobiliario urbano en xeral, etc.

b).-Raspar, ensuxar ou arrincar aquelas carteis ou anuncios situados nos lugares ou emprazamentos autorizados ó efecto.

c).-O espaxemento de folletos ou follas de publicidade pola vía pública.

2.-Consideraranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ó disposto no punto anterior, en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido, fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos podendo imporse sancións por cada cartel ou folleto que transgredisen estas normas.

3.-Por parte do Concello de Ribadeo regúlanse os seguintes lugares destinados á instalación de publicidade: Recadros azuis e marquesiña de publicidade oficial no casco urbano e paneis colocados ao lado das marquesiñas de parada do autobús na zona rural.

Artigo 69.

1.-Os propietarios ou titulares de inmoables, monumentos, quioscos, etc., coidarán, en cumprimento da obriga establecido no Artigo 15, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2.-Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados a este obxecto, que delimitados por recadro de cor azul.

3.-Así mesmo os propietarios de solares coidarán que os valos estean en perfecto estado de conservación, limpándoos e pintándoos, especialmente no casco urbano.

Artigo 70.

Cando un inmovible fose obxecto de pintadas, ou pegada de carteis, o propietario ou persoa encargada, comunicarao ó Concello, o cal decidirá se procede a limpeza por persoal municipal, con cargo á persoa ou Empresa responsábel da actuación, en caso de ser esta coñecida, sendo todo iso, sen perxuízo da obriga xenérica de manter por parte dos propietarios a limpeza das fachadas.

Artigo 71.

1.-Durante todo o ano a publicidade colocarse unicamente nos lugares autorizados.

Durante os períodos electorais e aqueles outros de xeral participación cidadá, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Ribadeo adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

2.- Ós efectos de sancións que houberse lugar neste apartado, serán responsables o Presidente Local ou cargo de máxima responsabilidade do Partido na localidade e se se tratase de Eleccións Locais o Cabeza de Lista do Partido ou da Agrupación que se presente.

3.- O Concello en exemplo do cumprimento desta Ordenanza, respetará para a difusión dos seus Bandos e Carteis os puntos anteriores.

TÍTULO VII.-RÉXIME DISCIPLINARIO.

CAPÍTULO I.-NORMAS XERAIS.

Artigo 72.

1.-O Concello incoará de oficio expedientes sancionadores en base ás denuncias dos servizos técnicos e dos axentes da Policía Municipal polas infraccións que se produzan en relación coas normas da presente Ordenanza.

2.-Igualmente poderá denunciar as infraccións, no seu caso, o persoal da Empresa Concesionaria, nos supostos de xestión por esta do Servizo.

3.-Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza.

Artigo 73.

1.-As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza, serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se fose propietario.

2.-Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituída e, ó efecto, as denuncias formularanse contra o mesmo, ou no seu caso, a persoa que ostente a súa presentación.

3.-Cando se trate de depósito de lixos ou de sacudida de alfombras ou prendas á vía pública e non se poda detectar o infractor exacto do edificio, notificaráselle ó Presidente da Comunidade de Viciños, e poderá responsabilizarse á Comunidade da infracción, caso de non comunicar o nome e domicilio do infractor.

Artigo 74.

1.-Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias a que se refire esta Ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integren o seu contido.

2.-As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

CAPÍTULO II.-PROCEDEMENTO SANCIONADOR E SANCIÓN.

Artigo 75

1.-Para impoñer unha sanción derivada dunha infracción recollida na presente Ordenanza, deberá incoarse o oportuno expediente sancionador, que se tramitará conforme ao Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, a normativa vixente en materia de procedemento administrativo común.

2.-A competencia para a incoación dos expedientes e imposición da sanción corresponde á Alcaldía agás que a lexislación sectorial estatal ou autonómica atribúa a competencia a órganos doutra Administración.

Artigo 76

Sen prexuízode que determinados feitos den lugar a responsabilidade penal ou de que a lexislación sectorial estatal ou autonómica fixe outra tipificación;

1.-Consideraranse infraccións leves:

- a).- A falta de limpeza das rúas particulares ou outros espazos libres do mesmo carácter. b).- A falta de limpeza nos solares, sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística.
- c).- Botar desperdicios á vía pública, así como realizar as operacións prohibidas no Artigo 7, salvo cambiar o aceite e outros líquidos ós vehículos, que terá a consideración de grave.
- d).- O incumprimento das disposicións en materia de limpeza, nos supostos do artigo 9.
- e).- Non manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública, sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística.
- f).- Expoñer alimentos ou outros produtos comerciais na vía pública ou vehículos, agas postos autorizados para o mercado ou venda ambulante.
- g).- Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.
- h).- Raspar, ensuxar ou arrincar carteis ou anuncios colocados nos lugares ou emprazamento autorizados, ou colocalos en lugares non autorizados, neste caso aplicarase a falta por cada cartel.
- i).- En relación cos recipientes herméticos e baldes normalizados, a falta de coidado cos mesmos, colocalos na vía pública ou retiralos fóra do tempo establecido, utilizar outros distintos ós autorizados, quitar lixos que os desborden, etc.
- j).- Depositar os lixos e desperdicios sen bolsa nos contedores ou na vía pública. k).- Deposita-lo lixo fora do horario autorizado.
- l).- O utilizar os contedores de recollida selectiva para depositar residuos domiciliarios distintos dos específicos para cada contedor.
- m) Non circular cos cans suxeitos con cadea, correa ou cordón e colar con chapa identificativa e sanitaria.
- n) Non circular con cans provistos de bozo cando a súa natureza perigosa e as súas características o fagan necesario, ou cando o ordenase a autoridade municipal.
- ñ) Non proceder á limpeza das deposicións dos cans en lugares públicos a persoa que o conduza ou no seu defecto, o seu dono.
- ou) Non impedir que os cans fagan as súas deposicións en lugares destinados ao tránsito de viandantes.
- p) Introducir ou manter cans en establecementos ou lugares públicos incumprindo as prescricións a que se refire o artigos 20 e 21.
- q).- Dar comida ós animais na vía pública, nos termos expresados no artigo 21.
- r).- Non manter en adecuado estado de funcionamento por negligencia a totalidade das medidas correctoras contra a contaminación impostas a unha determinada actividade, ou a realización casual de contaminación por non ter adoptado as medidas correspondentes, sempre que sexa a primeira vez que o infractor incorra nesta conducta.
- s) Deixar os residuos ou as bolsas de lixo fóra dos contedores sempre que non se atopen saturados.
- t) Deixar as caixas de cartón fóra dos contedores azuis sen pregar ou introducilas do mesmo xeito, sempre que nos contenedores haxa capacidade suficiente.
- u) Tirar a auga dos baldes de limpeza na vía pública.
- v) Realizar pintadas, graffitis, etc. en mobiliario urbano, bambáns ou en lugares non destinados a tal fin.
- w) Deixar publicidade (oitaviñas, etc) nos limpaparabrisas de vehículos estacionados na vía pública ou tirala nos portais ou dos buzóns á rúa ou calquera outra repartida fóra do autorizado na presente Ordenanza.

2.-Consideraranse infraccións graves:

- a).-A reincidencia en 3 infraccións leves.
- b).-Cambiar o aceite e outros líquidos ós vehículos na vía e espazos libres públicos.
- c).-Realizar actos de propaganda mediante reparto, lanzamento de carteis, folletos, follas soltas, etc., que ensuxen os espazos públicos.
- d).- Omitir as operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumprir as obrigas do Artigo 10.
- e).-Incumprir as normas relativas á retirada de cascallos procedentes de obras nas vías públicas que sinala o Artigo 12.
- f).-Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas en lugares non autorizados segundo os Art.79 e 80.
- g).-Usar indebidamente ou danar os recipientes herméticos subministrados polo Concello; así como causar deterioro nas papeleiras.
- h).-Abandonar mobles ou enseres na vía ou espazos públicos.
- i).-Abandonar cadáveres de animais ou a súa inhumación en terreos de dominio público. k).- Abandonar vehículos nas vías públicas.
- l).- Levar cans ou outros animais ás praias ou lugares sinalados nos Art.20 e 21.
- m).-A omisión por parte dos propietarios dos terreos e edificacións das obrigas reseñadas no artigo 72 desta Ordenanza, sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística.
- n).-A reiteración e a habitualidade na produción de contaminación por po, fumes, líquidos ou outros elementos sen adoptar as medidas correctoras ou por insuficiencia das mesmas sen ter procedido á tramitación do expediente de ampliación de actividade regulada nesta Ordenanza.
- ñ) Descoido na vixilancia de cans gardiáns que poidan ocasionar perigo de agresión ás persoas e danos nas cousas ou perturbación da tranquilidade cidadá.
- o) Non facilitar o dono de un can, que trabase a unha persoa, os datos que lle requira a persoa agredida ou as autoridades competentes.
- p) Non advertir en lugar visible da existencia de cans.
- q) Non cumprir coas prescricións de carácter sanitario que determina o artigo 27.2 e 27.4.
- r) Deixar soltos en espazos exteriores animais daniños ou feroces.
- s) Abandonar animais mortos.
- t) Influxir danos graves ou cometer actos de crueldade ou malos tratos contra animais.
- u) Non retirar os contedores de obras no prazo establecido.

3.- Consideraranse infraccións moi graves:

- a).-Reincidencia en 2 faltas graves.
- b).-Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización.
- c).-Non proporcionar ó Concello os datos relativos á natureza dos residuos ou facilitar información falsa sobre os mesmos.
- d).- Vertido de lixos e residuos sólidos en lugares non autorizados. e).- Queimar lixos.
- f).-Depositación de residuos clínicos.
- g).-Exercicio dunha actividade nun local que non dispoña de licenza municipal de apertura, sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística.
- h).-O exercicio dunha actividade nun establecemento cando a súa licenza se atope retirada provisional ou definitivamente ou caducada, sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística.
- i).-A carencia no local dos equipos de protección e/ou do número legal de extintores de incendios ou non telos en condicións de uso ou sen funcionar o sonógrafo, ou telo avariado.
- j) A rotura total ou parcial de árbores ou arrincar plantas de parques, xardíns ou xardineiras públicas.

Artigo 77.-

Fixase o seguinte cadro de sancións:

- a).-Faltas Leves: apercibimento e multas de 5.000 a 15.000 pts.
- b).-Faltas Graves: multas de 15.000 a 30.000 pts e/ou peche temporal da actividade
- c).-Faltas Moi Graves: multas de 30.000 a 500.00 pts. e/ou peche temporal da actividade o peche definitivo.

Artigo 78.

Para determinar a contía da sanción atenderase ás circunstancias concurrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

As sancións permanecerán expostas no tablón de anuncios do Concello durante un mes.

Artigo 79.-

A prescrición das faltas producirase :

- Infraccións Leves: 2 meses.
- Infraccións Graves: 2 anos.
- Infraccións Moi Graves: 3 anos.

Artigo 80.

1.-As licencias de apertura e funcionamento das actividades produtoras de ruídos quedarán sen efecto nos seguintes supostos:

a).-Unha vez transcorridos seis meses desde a concesión de autorización de funcionamento sen que se iniciará o exercicio da actividade.

b).-Unha vez transcorridos seis meses desde a retirada temporal da licencia cando non se abraise ó público nas condicións regulamentarias.

c).-Cando transcorridos seis meses desde que se fixese o requirimento por parte do Concello para a acometida de obras de adaptación do local, estas non se fixesen, ou cando o titular se dea de baixa en calquera dos impostos municipais ou autonómicos relacionados coa actividade ou se dea de baixa en servizos de calquera natureza indispensables para o exercicio da actividade.

d).-Cando o establecemento estivese máis de seis meses pechado ó público sen causa xustificada da que teña coñecemento a Administración.

2.-A revocación da licencia procederá nas infraccións moi graves,

DISPOSICIÓN FINAL.-

Única.-Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada polo Pleno da Corporación segundo o procedemento previsto e fose publicado o seu contido na forma e coas condicións que establece o apartado 2º do artigo 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ribadeo, 10 de xullo de
2006.

O ALCALDE,